

Despois do éxito do 25 e 26, volvemos á loita en institutos e universidades

# 24 de marzo:

## Docentes e estudantes, xuntos á folga!

- ▶ **Fóra o 3+2!**
- ▶ **Non á privatización da Universidade Pública!**



**A** folga convocada polo Sindicato de Estudiantes os pasados 25 e 26 de febreiro foi un rotundo éxito: máis de 2.550 institutos e máis de 250 facultades e universidades de todo o Estado quedaron desertas, e en máis de cen cidades e localidades organizáronse manifestacións multitudinarias con decenas de miles de estudantes. A prensa tivo que recoñecer o tremendo seguimento, e tamén o propio Ministro Wert cando nunha manobra desesperada intentou “desconvocar” pateticamente a folga e as manifestacións. A chamada do Sindicato de Estudiantes á loita contra un decreto que pretende privatizar definitivamente a universidade e pechala baixo sete chaves para os fillos das familias traballadoras, contou cun respaldo cidadán

impresionante; foron multitude de organizacións e colectivos sociais os que nos apoiaron, e só en catro semanas case 140.000 persoas asinaron contra o 3+2 apoiando a causa dos estudantes.

### **O PP quere destruír a Universidade Pública**

E non é para menos. Desde que o PP chegou ó goberno non vivimos outra cousa que ataques á educación pública: recortes de máis de 1.500 millóns de euros no orzamento das universidades públicas; unha subida salvaxe das taxas do 66% en varias zonas do estado; máis de 5.000 docentes despedidos nas universidades e un decreto de bolsas que penaliza ós que menos teñen e que rebaixou as axudas

## Todos ás manifestacións

**Consulta lugar, hora e percorrido da manifestación  
no teu concello en [www.sindicatodeestudiantes.net](http://www.sindicatodeestudiantes.net)**

en miles de euros por estudante. Todo este conxunto de medidas supuxeron que 45.000 estudantes foran expulsados da Universidade por non poder pagarse uns estudos, algo que se está convertendo nun privilexio ó alcance dunha minoría.

Por se isto non fose suficiente, agora, nos catro días que lle quedan ó PP no Goberno, quérennos impoñer o decreto 3+2. Isto significará a desaparición de carreiras; a depreciación do título de grao, que pasará de 4 a 3 anos e converterase en papel mollado no mercado laboral; a imposición na práctica de dous anos de máster a prezo de ouro para ter un título válido, ademais do despedimento de miles de docentes. Está moi claro que o PP quere devolver a Universidade ós tempos da ditadura franquista, cando só os fillos de familias con cartos podían gozar deste dereito. Que familia traballadora pode permitirse pagar 10.000 ou 20.000 euros para que o seu fillo estude na Universidade? Se este decreto se aplica o próximo setembro, tal e como Wert quere, seremos centos de miles de xóvenes quen veremos as portas da Universidade pechadas para sempre. ¡Pero non o imos permitir!

### **O 3+2 non é nin Europa, nin aforro para as familias: Wert, non nos enganas!**

Nestes días tivemos que soportar as mentiras do Ministro Wert e da multimillonaria número dous do Ministerio de Educación, Montserrat Gomendio. Primeiro afirmando que o 3+2 será un aforro para as familias cando a realidade é xustamente a oposta. Tamén dicindo que isto nos axudará a confluír con Europa. Pero de que demos falan? No 70% dos países europeos a Universidade Pública é gratuítas ou con taxas moi baixas. En Francia un ano de grao custa 89 euros, en Alemaña custa 200 ó semestre e iso inclúe un abono de transporte para viaxar gratuitamente por todo o país. Que ten ver esa realidade coa que aquí quere impoñer o PP? Absolutamente nada!

Ademais teñen a desvergoña de dicir que o modelo da Universidade Pública no Estado español é insostible a non ser que haxa unha subida drástica de impostos. Que impresentables! Só con que deixasen de roubar das arcas públicas para rescatar bancos ou autopistas, para financiar ilegalmente ó seu partido, para darse a gran vida a costa do sufrimento da maioría ou facer amnistías fiscais para os seus amigos das altas finanzas, sería máis que suficiente!

O que pasa realmente é que queren destruír por completo a Universidade Pública: que deixe de ser un dereito e convertelo nun negocio moi saboroso para os seus amiguetes das universidades privadas.

### **A loita continua ata derrotar o 3+2! 24 de Marzo, folga xeral estudantil xunto co profesorado!**

A folga do 25 e 26 de febreiro foi unha auténtica lección de dignidade por parte da mocidade, pero a loita debe continuar ata que logremos a retirada completa do 3+2 e a dimisión dun Ministro impresentable. Hai que estender a loita e facela máis forte. Por iso o próximo 24 de Marzo, chamamos a todo o estudantado de institutos e Universidade a organizar unha nova folga estudantil igual de contundente, pero esta vez ademais contando co apoio do noso profesorado e do persoal laboral de todas as universidades públicas do Estado, que tamén irán á folga.

Somos moi conscientes de que o que non consigamos coa loita nas rúas dificilmente lograrémolo noutros ámbitos. Desde o Sindicato de Estudantes facemos un chamamento ós sindicatos do profesorado e ás organizacións de nais e pais a continuar a mobilización ata o final, e que o 24 de marzo sexa unha auténtica folga en todos os sectores do ensino, desde a infantil ata a universidade. O que nos xogamos é moito. Chamamos a todos os colectivos sociais e a todas as organizacións de esquerdas a manter e redobrar o seu apoio á nosa mobilización. E, por encima de todo, á mocidade dos institutos e as universidades a construír o Sindicato de Estudantes, a levantar unha organización de loita, anticapitalista, que defende de forma consecuente o ensino público e os dereitos sociais e que non se rende ante ningunha adversidade. Con todo o mundo xunto, unido e organizado, venceremos.

### **Xa abonda de ataques e recortes!**

### **Non á privatización da universidade pública!**

### **Profesores e estudantes, unidos e adiante!**

### **Pódese**

**Asina contra o 3+2 en [Change.org/NoalDecreto3+2](http://Change.org/NoalDecreto3+2)**



[www.sindicatodeestudiantes.net](http://www.sindicatodeestudiantes.net) • [galiza@sindicatodeestudiantes.net](mailto:galiza@sindicatodeestudiantes.net) • 981 563 100 (ext 12867)

Sindicato Estudiantes da Corunha / Sindicato De Estudiantes Vigo • @SindicaEstudian